

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2024/2025

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario.

As competencias clave da etapa, aos efectos do DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL). Fomentar a comprensión e creación de textos funcionais para o alumnado

b) Competencia plurilingüe (CP). Utilización en mensaxes internas de textos plurilingües. Realización de actividades complementarias en diferentes idiomas e linguas. Coordinación entre o profesorado das diferentes linguas.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñeira (STEM). Empregar nas sesións recursos materiais que favorezan o razoamento a través da experimentación. Desenvolver tarefas complexas partindo de situacións da vida cotiá.

d) Competencia dixital (CD). Desenvolver o Plan Dixital de centro. Aportar e empregar estratexias para o desenvolvemento da Alfabetización Mediática e Informacional. Facilitar as producións do alumnado en múltiples soportes.

e) Competencia persoal, social y de aprender a aprender (CPSAA). Realizar propostas colaborativas e cooperativas na aula. Distribución do alumnado na aula que favoreza a interacción entre o alumnado. Realización de actividades complementarias que potencien a conciencia social e cidadá.

f) Competencia cidadán (CC). Realizar propostas colaborativas e cooperativas na aula. Distribución do alumnado na aula que favoreza a interacción entre o alumnado. Realización de actividades complementarias que potencien a conciencia social e cidadá.

g) Competencia emprendedora (CE). Realizar propostas colaborativas e cooperativas na aula. Distribución do alumnado na aula que favoreza a interacción entre o alumnado. Realización de actividades complementarias que potencien a conciencia social e cidadá.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). Realización de actividades complementarias que fomenten este aspecto. Integrar nas producións do alumnado en todas as áreas a posibilidade de empregar formatos artísticos. Adquirir un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais. Adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora. Amosar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Todas elas constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

No que a avaliación das competencias clave se refire, está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidades aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os criterios de avaliación ou os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Na avaliación de cada competencia terase en consideración a valoración que o docente que imparta cada área estableza tendo en conta os criterios de avaliación elixidos no perfil competencial. En función do peso outorgado a cada criterios establecerase a cualificación final de cada competencia.

## **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os temas transversais dentro do currículo son un conxunto de contidos didácticos esencialmente actitudinais que deben formar parte das actividades propostas en todas as áreas educativas. A súa incorporación supón formalizar unha educación en valores e actitudes, non de forma esporádica senón constante ao longo de cada curso.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, expresión oral e escrita,

comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade do espírito crítico e do emprendemento, traballarase en todas as áreas.

Tamén se promoverá dende todas as áreas a igualdade entre mulleres e homes, educación para a Paz, educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades de todas as áreas, repartiranse estes nas distintas unidades e/ou proxectos das distintas áreas de xeito que se traballen en profundidade cando a relación co tema a traballar sexa moi clara.

Traballarase segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Nas programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos de alumnos, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos alumnos máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O posicionamento metodolóxico do noso centro baséase nun concepto do currículo que teña en conta á diversidade no sentido máis amplo do termo. Co novo marco normativo, adoptaremos os principios recollidos dentro do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) co fin de reducir as barreiras de aprendizaxe, facendo do currículo un deseño aberto e flexible dende o principio.

Etapas de infantil.

1.- Seguir os seguintes principios

Globalización: Aceptando que a aprendizaxe non se leva a cabo por acumulación de elementos na estrutura cognitiva do alumno (esquemas cognitivos), senón pola reorganización dos mesmos integrando os elementos existentes cos novos; faise necesario un tratamento globalizado do proceso de ensino-aprendizaxe no cal o alumno/a poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos.

Construtivismo: Os alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestruturación (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos. Neste senso o papel do mestre será o de crear as condicións necesarias que inciten ao alumno/a ao iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos conflitos cognitivos propostos.

Traballar os hábitos, fundamentais para o bo funcionamento da clase, e tamén para dotar aos nenos/as dunha maior autonomía.

2.- Partir sempre dos coñecementos previos dos alumnos/as os nenos integrarán as novas aprendizaxes nos seus esquemas cognitivos de xeito que adquiren un significado para eles.

3.- Fomentar e a organización de actividades de carácter grupal onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferencias.

4- Crear un ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros, e o respecto ás diferencias.

5.- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan por unha banda o traballo en grupo, respecto ás producións dos outros, asunción de responsabilidades e á consecución de finalidades comúns coa aportación de todos, e por outra banda incrementar o seu grao de consecución dos obxectivos establecidos a través da interacción cos outros, a axuda e colaboración mutua e a adquisición de estratexias para a auto-aprendizaxe e co-aprendizaxe. Traballo por grupos cooperativos:

6- Fomentar o traballo interdisciplinario e/o cooperativo entre as áreas de educación infantil.

7.- Proporcionar múltiples medios de representación (o «que» da aprendizaxe). Entregar a información de diversas maneiras tomando en conta que o alumnado aprende de formas diferentes, por exemplo: presentar o que se quere ensinar combinando imaxes, audios, vídeos, representacións, cancións, etc.

- 8.- Proporcionar múltiples medios para a acción e a expresión (o «como» da aprendizaxe).
- 9.- Proporcionar múltiples medios de compromiso (o «porqué» da aprendizaxe).
- 10.- Proporcionar que o alumnado tome decisións de forma autónoma permitíndolles que participen no deseño de actividades.
- 11.- Diseñar actividades que fomenten a creatividade.
- 12.- Prestar atención a unha axeitada organización espazo-temporal. A distribución dos distintos recunchos da aula será polivalente, segura, e debe responder ás distintas necesidades do alumnado, e das actividades. As rutinas diarias axudarannos a planificar e estruturar o tempo o cal será flexible e respectará os ritmos individuais do alumnado así como as súas necesidades.
- 13.- Fomentar a organización de actividades de carácter grupal que fagan fincapé na comunicación, cooperación e o diálogo como vía de solución de problemas, conflitos e respecto ás diferenzas.

#### Etapa de Primaria.

Coa finalidade de establecer uns criterios comúns para a práctica docente na etapa de Educación Primaria que contribúan a acadar os obxectivos xerais e etapa, dende o noso centro educativo establecemos unha serie principios metodolóxicos de carácter xeral que vertebrarán o proceso de ensinanza-aprendizaxe na aula. Daremos continuidade aos criterios sinalados para a etapa de educación infantil.

- 1.- Priorizar unha aprendizaxe baseada no compoñente práctico, manipulativo, investigador e comprensivo
- 2.- A metodoloxía será: activa, comunicativa, inclusiva e participativa, procurando que ao finalizar a etapa nos atopemos un alumnado máis autónomo, responsable e tolerante, para que aprenda a vivir e a enfrontarse con garantías ás realidades da vida diaria.
- 3.- Crear situacións de aprendizaxe onde o alumnado teña que buscar, contrastar, compartir, procesar e expoñer a información coa que traballa.
- 4.- Facer fincapé na creación dun clima democrático e afectivo na aula, onde a axuda ao próximo, o respecto e o traballo en equipo son unha realidade diaria.
- 5.- Fomentar a lectura como un xeito de aprender, desfrutar e compartir.
- 6.- Partir dos niveis de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
7. Proporcionar recursos de comunicación: A escritura, a expresión oral, a comprensión lectora, a expresión escrita, os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica.
- 8.- Realizar proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- 9.- Diseñar tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
- 10.- Empregar diferentes agrupamentos o en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

Ademais dos citados principios metodolóxicos teranse en conta na actuación docente os seguintes aspectos:

- Actuarase como facilitador e mediador da aprendizaxe, motivando e xerando un clima de confianza constante.
- Presentaranse situacións nas que o alumnado teña que buscar, contrastar, compartir, procesar e expoñer a información ca que traballa.
- Proporanse restos individuais e grupais como unha forma de aprender sen perder a motivación.
- Normalizárase o feito de equivocarse, como unha parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe que nos permite reflexionar, facer autocrítica e mellorar diariamente para enfrontarnos a novas situacións.
- Procurárase que o alumnado leve a iniciativa nas clases, sexa o protagonista e traballe con autonomía para resolver os problemas presentados.
- Farase fincapé na creación dun clima democrático e afectivo na aula, onde a axuda ao próximo, o respecto e o traballo en equipo son unha realidade diaria.
- A educación en valores será a protagonista transversal de todos os procesos que se leven nas aulas.
- Empregaranse, segundo a organización e dinámica das aulas, sempre que sexa posible dinámicas de traballo cooperativo, especialmente nos proxectos de traballo e outras tarefas didácticas.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Educación Infantil:

Guiámonos polas características desta etapa, na que é moi importante a selección do material, que debe ser variado e que sirva para desenrolar as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas as súas posibilidades.

A elección realízase en función de:

- Os obxectivos que se establecen dentro da etapa.
- As situacións educativas.
- O nivel de desenvolvemento dos nenos/as.
- Das situacións que queremos propiciar.

Outros aspectos que temos en conta á hora de seleccionar o material son:

- Que sexa seguro
- Resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar
- Finalidade pedagóxica
- Atractivos
- Polivalentes
- Que invite a experimentar

Educación Primaria

Os criterios de selección dos materiais curriculares que se tiveron en conta son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Cubre os obxectivos do currículo para o nivel.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
- A progresión é adecuada.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativos.
- Esperta a motivación cara o estudo e o aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- O linguaxe está adaptado ao nivel.

a) Organización dos espazos e recursos:

O noso centro buscará unha transformación da aula tradicional nun espazo flexible, confortable, creativo e inspirador mediante a introdución de cambios na organización física, na ambientación da aula e dos espazos escolares.

De este modo, dotaremos ás aulas de mesas, armarios de gabetas que permitan expoñer os diferentes traballos dun modo accesible ao alumnado, permitindo os traballos en equipos e o aprendizaxe conxunto e colaborativo.

A participación dentro do proxecto de Polos Creativos facilitará a organización das aulas con desdobres e a co-docencia co fin de aportar unha atención máis individualizada ao noso alumnado.

**b) Organización dos tempos e secuencia proposta:**

Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarifícase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.

**c) Pautas de emprego do material manipulativo:**

A manipulación implica o emprego de material, e neste sentido, é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- O material presentase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experimentación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos.

Entre os materiais e recursos didácticos contamos, entre outros, con:

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos.
- Material elaborado: fichas, guías.
- Recursos dixitais: páxinas web, aula virtual.
- Materiais específicos dos Polos Creativos: aula audiovisual, estudo radio, zona creativa da biblioteca, "espazos maker", horta escolar e compostoiro e a propia biblioteca.
- Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, Pentaminos, contas de madeira, xeoplanos...
- Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de área.

**f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O alumnado que non opte pola área de Relixión Católica impartírselle a materia de Proxecto Competencial que estará enfocada ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade.

En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes e en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

**g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Para deseñar unha actividade complementaria haberá que ter en conta:

- O calendario de conmemoracións oficiais.
- O calendario propio de conmemoracións.
- As Unidades Didácticas levadas a cabo, buscando a relación directa con elas no contexto e temporalización axeitadas.



- A repercusión no alumnado da actividade (tendo en conta a TODO o alumnado, atendendo aos criterios de inclusión)
- Os Plans e Proxectos nos que participa o colexio, evitando a sobrecarga innecesaria.
- A coordinación entre os distintos equipos docentes.
- O custe económico.
- A interdisciplinabilidade.

O deseño destas actividades complementarias deben contribuír a un mellor desenvolvemento do alumnado e a profundar nas aprendizaxes.

Os criterios para o seu deseño e selección os seguintes:

- Que os obxectivos da actividade se relacionen cos obxectivos xerais de centro e etapa.
- Que se correspondan cos obxectivos do nivel e dean resposta aos estándares de aprendizaxe contribuíndo ao mellor desenvolvemento dos mesmos.
- Que se integren no conxunto de actividades educativas do nivel.
- Que contribúan a desenvolver competencias no alumnado.
- Que fomenten o compañeirismo, coeducación e respecto á diversidade dos demais; que sexan actividades inclusivas e teñan enfoque de xénero.
- Que promovan a participación activa do alumnado afondando na súa curiosidade e buscando que sexan intelectualmente estimulantes.
- Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan o que moitos nenos/as non teñan a posibilidade de disfrutar do seu tempo libre por falta de medios económicos, problemas familiares e carencias no seu entorno inmediato.

Os requisitos e procedementos no deseño e realización das actividades complementarias serán os seguintes:

- Estar programadas a comezo de curso, e en calquera caso fosen aprobadas polo Consello Escolar. Os tutores informarán os pais sobre as actividades complementarias a realizar, sendo preceptivo un documento de autorización e serán debidamente informados a través de abalar. Nas saídas fóra da contorna o alumnado contará cunha autorización específica por escrito dos tutores legais. As actividades non programadas na P.X.A. polo seu carácter ocasional, serán autorizadas polo Equipo Directivo que terá en conta o seu valor didáctico.
- Estar integradas nas respectivas programacións docentes para garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes que realice o alumnado.
- Formar parte da planificación do proceso de ensino-aprendizaxe e terán en conta o desenvolvemento curricular.
- Secuenciar as actividades por niveis/materias evitando repetir as saídas a un mesmo sitio, excepto cando os obxectivos expostos sexan diferentes.
- Permitir diversos tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade, establecéndose actividades xerais do centro, por nivel, área ou ciclo (no referente á etapa de EI).
- Procurar que todas as actividades programadas sexan moi participativas e nunca excluíntes, polos obxectivos propostos e tratándose de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias clave.
- Dar relevancia ás saídas á contorna. As saídas á contorna permiten ao alumnado investigar e descubrir a realidade tal e como é, á vez que proporcionan os escenarios nos que exercitar os esquemas de actuación aprendidos.
- Fomentar a participación activa do alumnado afondando na súa curiosidade e buscando que sexan intelectualmente estimulantes.
- Fomentar o compañeirismo, coeducación e respecto á diversidade dos demais.
- Estar abertos á programación de propostas externas que poñan a énfase nos desenvolvementos curriculares.
- Propiciar as convivencias escolares. O obxectivo fundamental neste tipo de actividades é favorecer as relacións de convivencia tanto entre o grupo de alumnos como con outras persoas en contornas diferentes ao seu.
- Fomentar o coñecemento das nosas tradicións. Coñecer a cultura e as tradicións é un obxectivo que

alcanzamos na medida que interpretamos, analizamos e representamos nosas propios costumes e a nosa historia.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Tomaranse as medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso.

- Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

- O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

- Así mesmo, facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula. Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

- Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

- Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias. No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes.

- Crearase un banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

No noso centro os criterios xerais para o deseño de plans de reforzo ou recuperación de materias pendentes son os seguintes:

- Adquirir os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas.
- Evitar lagoas e desfasamentos nas aprendizaxes das materias instrumentais básicas.
- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar deste alumnado mediante:
  - A adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo
  - O fomento do estudo, proponendo formas de traballo eficaces.
  - A mellora en habilidades e actitudes asociadas á lectura e escritura.
  - Propiciar no alumnado unha actitude positiva e activa cara á aprendizaxe.
  - Aumentar a autoestima e confianza en si mesmos dos alumnos e as alumnas, axudándolle a superar as súas dificultades de aprendizaxe desde unha perspectiva personalizada; adaptándose ao seu nivel de coñecementos e construíndo os novos saberes sobre el.
  - Facilitar ao alumnado o logro de aprendizaxes construtivas e significativas mellorando os seus procedementos de aprendizaxe.
  - Motivar ao alumnado programándolles actividades atractivas e significativas relacionadas coas súas necesidades e vivencias cotiás.

O deseño do Plan de reforzo para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores, atende a un guiión facilitado pola inspección educativa no que se recollen os seguintes apartados:

- Datos do alumno/a.
- Materias que precisan reforzo educativo e temporalización.

- Materia con RE.
- Profesorado Implicado.
- Contidos do RE.
- Tarefas/actividades.
- Metodoloxía empregada.
- Observacións/Aspectos a incidir coa familia.

Levarase a cabo un seguimento deste alumnado nas sesións de avaliación que teñen lugar unha vez ao trimestre.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O obxectivo prioritario a integración deste alumnado no novo grupo, así como garantir o seu benestar emocional.

- Ter en conta as medidas de atención á diversidade tanto ordinarias como extraordinarias aplicadas en cursos anteriores, informes do profesorado que lle impartiu docencia, así como as valoracións realizadas polo DO (de ser o caso).
- Valorar aqueles aspectos que favorecen e dificultan a aprendizaxe (actitude, hábitos de traballo, intereses, atención, traballo en equipo...).
- Determinar especificamente os ámbitos a reforzar, tanto a nivel persoal/social como curricular. Neste último priorizaranse aqueles aspectos relacionados coa mellora da CCL. así como na resolución de problemas.
- Concretar as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias poñer en práctica (en colaboración co DO)
- Desenvolvemento do plan de xeito coordinado entre diferentes mestres/as que interveñen co neno/a. (titor/a, especialistas, PT, AL...)
- Potenciar a implicación da familia tanto na implantación do plan como no seguimento do mesmo.

No noso centro os criterios establecidos para a elaboración deste Plan son:

- Asegurar que o alumnado alcance os obxectivos , proporcionando os apoios necesarios para un adecuado grao de adquisición de competencias básicas.
- Preparar ao alumno/a con dificultades de aprendizaxe nas técnicas instrumentais básicas.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado nos seus distintos ámbitos: persoal, social e académico.
- Propiciar nos alumnos unha actitude positiva e activa cara á aprendizaxe potenciando experiencias de éxito académico.
- Fomentar hábitos de organización e constancia no traballo.
- Reforzar a autoestima persoal, escolar e social dos alumnos e alumnas.
- Implicar ás familias na mellora académica dos seus fillos e fillas.
- Planificar a intervención coordinada do profesorado e asegurar a colaboración das familias, para dar resposta ás necesidades de apoio de cada alumno ou alumna.

Cando un alumno/a debe permanecer un ano máis no mesmo curso, existe a posibilidade de elaborar un Plan de Recuperación para alumnado repetidor, cuxo guión foi proporcionado pola inspección educativa e recolle os seguintes aspectos:

- Datos do alumno/a.
- Resultados académicos do curso anterior.
- Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe.
- Actuacións e medidas de atención á diversidade.
- Profesionais que participan.
- Actuacións no ámbito curricular.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao comezo de cada CURSO e durante o primeiro mes, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

REALIZARASE UNHA REUNIÓN DE EVALUACIÓN INICIAL COS METRES/AS DO NIVEL, A XEFATURA DE ESTUDOS E A ORIENTADOR/A DO CENTRO. LEVANTARASE ACTA DOS ACORDOS DE ACTUACIÓN PARA ATENDER AO ALUMNADO QUE PRECISA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN ORDINARIAS OU EXTRAORDINARIAS E DE SER PRECISO e decidirá iniciar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.

Tomaranse como referencia os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, a fin de dar resposta ao alumnado con NEAE que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

Nos documentos internos dos plans para alumnado con materias pendentes, nestes documentos establécense as necesidades, dificultades e medidas a seguir para acadar os mínimos esixibles. Documentación que se garda no expediente do alumno e que se envía en copia á Inspección Educativa.

Deste modo, nos cursos de 2º, 4º e 6º o alumnado promocionará cando:

1. Supere todas as áreas do curso.
2. Acade unha cualificación negativa en máis de 2 áreas pero existen razóns fundamentadas que aconsellan a súa promoción como:
  - a. O grao de madurez e circunstancias persoais do alumno/a (idade cronolóxica/idade biolóxica, causas xustificadas por ausencias ao centro durante o curso escolar, situación familiar, recente traslado do menor ao centro, incorporación tardía, así como calquera outra causa que incidese no proceso de aprendizaxe do alumno/a
  - b. Análise e valoración das medidas de atención a diversidade levadas a cabo en función das necesidades derivadas do diagnóstico, de ser o caso.
  - c. Capacidade de traballo e implicación do alumno/a no proceso de aprendizaxe.
  - d. Relación e inclusión grupal do alumno/a co seu grupo de referencia.
  - e. Resultados das probas externas ao centro, de ser o caso.

Nos cursos de 2º, 4º e 6º o alumnado non promocionará se:

1. Non acada unha avaliación positiva nas áreas de Linguas (Galega ou Castelá) e matemáticas; de acordo cos mínimos esixibles recollidos dentro das programacións.
2. Non acada unha avaliación positiva en 3 áreas de coñecemento ou máis; de acordo cos mínimos esixibles recollidos dentro das programacións.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

"Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente." (Artigo 5. Cualificacións e mención honorífica. Orde do 9 xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia)

Por este motivo, poderanse outorgar mencións honoríficas como cualificación cando:

1. A cualificación teña unha nota media igual ou superior ao 9.
2. Exista un rendemento académico excelente así como un elevado grado de compromiso coas tarefas diarias.
3. Unha traxectoria continuada de éxito académico ao longo de toda a etapa.

## I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas elaboraranse en función do modelo que establece a administración dentro da aplicación PROENS para a etapa de Ed. Infantil e Ed. Primaria.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación con indicación do grado mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais..
  - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso de la enseñanza e la práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación de seu grado de cumprimento e, no caso de desviacións, con unha xustificación razoada.

- Data publicidade das programacións na páxina web do centro.
- Inicio de curso no primeiro trimestre a non ser que haxa algunha medida extraordinaria ou excepcional.
- Datas información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil.
- Inicio de curso no primeiro trimestre a non ser que haxa algunha medida extraordinaria ou excepcional.

Para avaliar as programacións, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Os criterios para unha avaliación positiva aprendizaxes atópanse vinculados aos obxectivos e información contidos.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer:
  - Aos alumnos.
  - Ás familias.
- Os criterios e procedementos de avaliación son axeitados.
- A temporalización e metodoloxía son axeitadas.
- Traballáronse os contidos programados.
- Utilízanse medidas para a atención á diversidade.
- Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
- Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.
- A coordinación e colaboración entre o profesorado do nivel é axeitada.
- Os resultados académicos son os esperados.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Serán necesarias, pois, metodoloxías (pequenos proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, método de casos, plans de traballo, tarefas complexas, etc.) que favorezan a integración de áreas, a visión global dos sucesos, a investigación, o manexo de diversos recursos e fontes, o intercambio respectuoso de ideas, a comparación de estratexias, a convivencia, a cooperación e a autorregulación da aprendizaxe; metodoloxías activas que fomenten no alumnado a curiosidade, as ganas de seguir aprendendo e xeren actividades socialmente relevantes.

O centro está inmerso nos seguintes plans e proxectos:

- PFPP: O plan de formación está dirixido a todo o profesorado do centro e temos dous itinerarios
- PLAMBE:
- Plan de Convivencia: O centro ten un plan de convivencia na que existe un aula de convivencia para resolver os posibles conflitos que surxan no centro.
- Plan Proxecta+: O alumnado do centro participa no Proxecto de vida activa e deportiva.
- CP-Innova: EDU-Saúde
- Programa de innovación educativa: Polos creativos
- Programas Europeos: e-Twinning
- Proxecto E-Dixgal

O noso centro docentes inclúe dentro do noso proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concreta anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, o tratamento e a produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Contamos tamén cunha biblioteca escolar e incluímos dentro do noso proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información. A biblioteca escolar é un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Incluimos dentro do noso proxecto educativo e funcional a nosa estratexia dixital a través dun Plan Dixital de Centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación do noso centro nunha organización educativa dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións. Promovemos a educación dixital, xa que somos centro E-dixgal, no que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia.

Incorporamos dentro do noso proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións. Faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento, participando en Plans Proxecta de Vida activa e deportiva e de alimentación e hábitos

saudables.

Outros Plans e proxectos que enriquecen a nosa vida escolar e aportan diversidade ao currículo son:  
Programa de compostaxe no centro.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Ao longo de todo o curso terá lugar unha avaliación continua e formativa co obxectivo de analizar e axustar as actuacións do proceso de ensino- aprendizaxe do alumnado. Seguirase a evolución, progresos e dificultades de cada alumno/a, co fin de adoptar as medidas necesarias.

A avaliación da nosa concreción curricular implica a remodelación ou modificación da mesa, realizarase despois das xuntanzas de avaliación e unha vez reunida a comisión pedagóxica.

## **o) Outros apartados**

### **1. Publicación deste documento**

Unha vez aprobado en claustro este documento estará publicado na páxina web do noso centro.